

INTEVENCIÓN DA SEC. SINDICAL DE CC OO NO CONSELLO DE GOBERNO NO QUE SE APROBOU A RPT DO PAS-F 2006

16 de marzo de 2006

Antes que nada quero poñer de manifesto que a miña intervención sería completamente distinta ao que vai ser, de ter sacado algo en limpo nos intentos de negociación mantidos por parte da nosa sección con membros dos representantes sindicais presentes na Xunta de Persoal e mesmo coa Xerencia nos días previos á celebración desta convocatoria. Aínda estamos a esperar que o xerente nos chame. Ninguén nos pode negar que intentamos chegar hoxe aquí co consenso necesario para que a aprobación desta RPT fose un simple trámite.

Pretendíamos o consenso nunha Relación de Postos que tivo o noso voto en contra no momento da votación na Xunta de persoal e tamén o voto en contra dunha gran parte do persoal funcionario durante o proceso asembleario. CC OO respecta o resultado de ambos procesos, admite a súa lexitimidade, acata o resultado da votación.

O que non acepta CC OO é tampouco deberan de aceptar o resto dos sindicatos é que por primeira vez na Universidade de Vigo unha RPT se somete a aprobación deste Consello deixando no aire numerosas dúbidas sobre as súas garantías, a súa amplitude, o seu proceso de implantación, a motivación dos cambios propostos, a situación na que quedará o persoal afectado e por riba de todo os criterios subxectivos, que non obxectivos, que se empregan para decidir as prazas que se suprimen e as que non.

Sobre a amplitude da RPT percibimos que non está debidamente completada e que polo tanto, co debido respecto, é legalmente irregular. A Lei 30/84 de ámbito estatal e a súa homóloga galega a lei 4/88 de función pública establecen que tanto o nº de prazas reservadas ao persoal eventual como as súas retribucións serán establecidas polo Goberno no caso do Estado, polo Consello da Xunta no caso da Comunidade Autónoma e polo pleno da corporación nas administracións locais. Por analoxía, e para manter o espírito de control democrático no seu nivel máis alto, no caso das universidades o órgano encargado deberá ser este Consello de Goberno. Se ben a praza de vicexerente foi aprobada en Consello de Goberno non o foi a súa cobertura mediante persoal eventual. Así mesmo, non se aprobou que a praza de xerente, antes cuberta por persoal funcionario, se cubra agora con persoal eventual. A este Órgano de Goberno non se lle deu a posibilidade de aprobar as retribucións do xerente, vicexerente e secretario do Consello Social. Cargos que deberan aparecer reflectidos na RPT tal e como, tamén establecen as normas legais antes citadas. Pois ben, no documento que hoxe se somete a votación non aparecen, cousa curiosa pois no limiar falase de

fornecer a área xerencial. Unha RPT transparente deberá estar encabezada por estes tres postos.

A que se somete hoxe a votación é unha RPT sen precedentes nesta Universidade xa que non se motiva nin a creación de novas prazas nin, o que é máis preocupante a supresión ou declaración a extinguir de tres prazas e dous servizos completos.

Onde está a memoria xustificativa para a supresión dos servizos de xestión de persoal e de RR HH?

Onde está o estudo pormenorizado da necesidade de cambiar estas estratéxicas áreas?

Onde quedou a "colaboración e acordo dos actores implicados no proceso" que se proclama no limiar da RPT?

Non cuestionamos o cambio en si o que non aceptamos é que non se consultase cos servizos nin se tivesen en conta as súas inquedanzas e suxestións.

Non cuestionamos a nova estrutura, o que non compartimos é a falta de garantías para o persoal afectado que non sabe en que condicións vai a quedar cando se aprobe esta RPT. As promesas verbais dun xerente que depende do resultado dun proceso electoral que xa se iniciou non teñen, co debido respecto, ningún valor. Como todos e todas sabemos o que non se escribe non consta.

Compartimos a idea de que a estrutura actual deste servizos sempre é mellorable, máis cremos que un cambio tan profundo nunha área tan fundamental precisa vir acompañado dunha motivación clara e dun estudo amplo e meticuloso que garanta ao detalle o proceso de reestructuración que mesmo parece autoritario.

Subsanar as eivas que estamos a detallar é só cuestión de vontade política, temos tempo por diante este documento non será operativo ata o mes de outubro. Podemos chegar a entender esta reorganización máis non a presa coa que se fai. Por diante temos máis de seis meses nos que poderíamos deixar resoltos os problemas que afectan ao persoal contra a súa vontade implicado.

Para acabar este apartado, permítasenos recordar que estamos nun período de tránsito no que as decisións que se tomen non deberan hipotecar as futuras actuación do equipo de goberno que sairá das próximas eleccións. O reitor acaba de dicir no seu informe que a el e a este equipo lle quedan dous telediarios.

Para rematar a miña intervención vou falar das tres prazas que se lle modifica a súa adscrición, dúas que están sen cubrir dende fai máis de ano se declaran a extinguir e, curiosamente a única que neste momento está ocupada se suprime. A titular desta praza foi delegada sindical de CC OO na anterior Xunta de Persoal e como é de todos

coñecido promoveu un recurso para defender o que consideraba os seus intereses.

Cónstanos que a titular desta praza a desempeña coa máxima competencia e que este posto non sobra desta relación de postos.

A LOU no seu artigo 22 di que o secretario xeral será nomeado polo reitor de entre funcionarios públicos do grupo A que presten servizos na universidade. Nesta RPT créase o posto de vicesecretario xeral cun perfil de licenciado en dereito, descoñecemos o por que deste requisito. Aquí presentes hai tres secretarios/as xeral que sen ser licenciados desenvolveron esta tarefa coa máxima competencia.

Como sinalaba ao principio antes de comparecer perante este órgano falamos co xerente e tamén intentamos falar co presidente da xunta de persoal coa única intención de solicitar que a praza de Coordinadora da Secretaría Xeral quedase a extinguir tal e como quedan as prazas ás que fai un momento facía referencia. Este cambio restablecería a súa seguridade laboral e xurídica. Como xa sabe seguimos esperando unha resposta.

Esta decisión é manifestamente arbitraria e contraria ao que se ten feito ata agora na nosa institución. Cando se decidiu o novo modelo de biblioteca é ben sabido que detrás houbo un longo proceso de discusión [de moita discusión] que concluíu garantíndoselle ao persoal afectado que ían manter unha praza do mesmo nivel de feito a maioría dos afectados/as melloraron o nivel do que partían.

A nosa compañeira, segue baixo o amparo da normativa que protexe aos delegados sindicais por ter sido delegada sindical, a supresión da súa praza sen causas obxectiva pode ser considerado persecución sindical. Como sindicato emprenderemos as accións legais e de difusión pública que consideremos pertinentes para defender os seus dereitos administrativos e laborais.

Por todo o exposto CC OO esixe que se respecten os dereitos laborais e profesionais de todos os compañeiros e compañeiras e especialmente os da persoal cuxa prazas se suprime.

Tras este relatorio de feitos solicitamos que se retire o punto 6 da orde do día.

Intervención realiza por Manuel Velasco, Coordinador da Sección Sindical